



Asunción Tarrasó é violonchelista, profesora de Técnica Alexander e terapeuta Gestalt.

Formada en España e Alemaña, ten desenvolvido as súas profesións de xeito paralelo.

Como violonchelista, inicia os seus estudos musicais no Conservatorio de Música de Valencia, co profesor Alejandro Abad. Máis tarde estudia violonchelo co profesor Lluís Claret en L'Escola de Música de Barcelona e co profesor Marçal Cervera en Freiburg, Alemaña (Staatliche Hochschule für Musik Freiburg).

Foi membro de orquestras como Collegium Musicum de Valencia ou a Joven Orquesta Nacional de España, e colabora con diversas orquestras en España, Suíza e Alemaña.

Por outra banda, está especializada en violonchelo barroco, en cuxo estudio iníciase con Itziar Atutxa, así como en diversos cursos cos profesores Reiner Zipperling e Gaetano Nasillo. Cursa os estudos superiores na especialidade de violonchelo barroco co profesor José Manuel Hernández no Real Conservatorio Superior de Música de Madrid.

Ten formado parte da Compañía Les Plaisirs, o Trío Baryton de Madrid e a Capilla Jerónimo de Carrión, e colabora con diferentes formacións musicais e compañías de Teatro como a Compañía Nacional de Teatro Clásico, o Coro da Generalitat Valenciana, Coral de Cámara de Pamplona, Coro de la Universidade Complutense, Coral Benissena, Orquesta de la Marina Alta, entre outros.

Como profesora de Técnica Alexander (Schule für Alexander Technik Freiburg e.V.) e terapeuta (Escuela madrileña de Terapia Gestalt), desde 1993 traballou para músicos e actores en Escolas de Teatro, Conservatorios e Orquestras, entre os que destacan a súa labor como docente na JONDE, OJA, JOCV e o Máster de Orquesta de la EAEM de Santiago de Compostela, e para os que ten desenvolvido aplicacións específicas da Técnica Alexander.

Nestes momentos desenvolve así mesmo a súa carreira musical no campo da dirección coral, formándose en diferentes cursos de dirección coral, como os impartidos para a Universidade de Burgos por "Dirige coros", a Universidade de Zaragoza (Coralea) e a Universidade Carlos III de Madrid (Cantemus, Nuria Fernández).

Actualmente dirixe el Cor d'Orba e a Coral Clásica Javiense.

**Organiza:**

*Departamento de corda*

*Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela*

[www.conservatoriosantiago.gal](http://www.conservatoriosantiago.gal)

**Curso 2017/2018**



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**CURSO DE TÉCNICA ALEXANDER**

*Asunción Tarrasó*

*Profesora de Técnica Alexander*



**12 e 13 de xaneiro de 2018**

## ASUNCIÓN TARRASÓ

Asunción Tarrasó é profesora de Técnica Alexander (Schule für Alexander Technik Freiburg), violonchelista (especializada en violonchello barroco) e directora de coros.

Leva máis de 25 anos impartindo aulas de Técnica Alexander a músicos. Tamén talleres onde reflexionar sobre ser músico e reencontrarse coa máis fonda motivación, co pracer de facer música, de expresarnos, a través do contacto co corpo e as emocións, e onde descubrir novas posibilidades de recobrar a lixeireza e a saúde.

## OBXECTIVOS E CONTIDOS

-A consciencia do corpo e a percepción dun mesmo.

-Recoñecer cal é o esforzo necesario

-A importancia do traballo corporal na práctica diaria.

-Técnicas de concentración inclusiva

-Coñecer os obxectivos básicos que ofrece a Técnica Alexander

## INFORMACIÓN XERAL

**Datas:** Venres 12 e Sábado 13 de xaneiro

**Horario:**

1º sesión: Venres de 17:00 a 20:00

2ª sesión: Sábado de 11:00 a 13:00

3ª sesión: Sábado de 16:00 a 18:00

**Lugar:** Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela.

O venres realizarase una sesión grupal para falar dos aspectos básicos da Técnica Alexander. O Sábado pola mañá dedicarase ao traballo específico dos instrumentistas de violín e viola en grupo e individualmente. O Sábado pola tarde dedicarase ao traballo específico dos instrumentistas de violonchello e contrabaixo en grupo e individualmente.

**Prezo matrícula:** Alumnos activos 20 €  
Alumnos oíntes 10 €

Ofértanse un máximo de 12 prazas para alumnos de violín e viola, e 12 prazas para alumnos violoncellistas e contrabaixistas. As prazas adxudicaranse por rigorosa orde de inscrición.

## MATRÍCULA

**Prazo de inscrición:**

Ata o día 10 de xaneiro de 2018

**Inscrición online:**

A inscrición debe realizarse online no seguinte enlace:

**[www.conservatorio.santiago.gal](http://www.conservatorio.santiago.gal)**

Enviar por correo-e ou na secretaría do centro a xustificación bancaria do ingreso :

**[cmus.santiago@edu.xunta.es](mailto:cmus.santiago@edu.xunta.es)**

Nº de conta:

**ABANCA**

**2080 0348 30 3040011278**

Facer constar no ingreso: “Curso de Técnica Alexander” e nome do alumno.